

**Asistentes:**

***Equipo decanal***

Alonso Bacigalupe, Luis  
Anaya Revuelta, Inmaculada  
Cruces Colado, Susana  
Del Pozo Triviño, Maribel  
Figueroa Dorrego, Jorge Juan  
González Álvarez, M<sup>a</sup> Dolores

***Sector (A) Profesorado***

Agustín Guijarro, Javier de  
Álvarez Lugris, Alberto  
Angueira Viturro, Anxo  
Arias Freixedo, Xosé Bieito  
Becerra Suárez, M<sup>a</sup> Carmen  
Bringas López, Ana  
Bueno Alonso, Jorge Luís  
Candelas Colodrón, Manuel A.  
Cortés Gabaudán, Helena  
Costas González, Xosé Henrique  
Domínguez Castro, Luís  
Fariña Busto, M<sup>a</sup> Jesús  
Fernández Ocampo, Anxo  
Fernández Salgado, Xosé A.  
Galanes Santos, Iolanda  
García-Miguel Gallego, José M<sup>a</sup>.  
Gómez Clemente, Xosé M<sup>a</sup>  
Ledo Lemos, Francisco José  
Lorenzo García, M<sup>a</sup> Lourdes  
Luna Alonso, Ana  
Luna Sellés, Carmen  
Martínez Ínsua, Ana Elina  
Martín Lucas, Belén  
Miquel Vergés, Joan  
Montero Domínguez, Xoán  
Pereira Rodríguez, Ana M<sup>a</sup>  
Pérez Guerra, Javier  
Rama Martínez, M<sup>a</sup> Esperanza  
Ribao Pereira, Montserrat  
Ripoll Delebourse, Virginia  
Rodríguez Guerra, Alexandre  
Rodríguez Rodríguez, Beatriz  
Rodríguez Vázquez, Rosalía  
Ruzicka Kenfel, Veljka  
Salceda Rodríguez, Hermes  
Seijas Montero, María  
Solla González, Amparo  
Urdiales Shaw, Martín  
Veiga Díaz, M<sup>a</sup> Teresa

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, que se celebrou o día 23 de outubro, martes, ás 12.30 h en primeira convocatoria e 13.00 h en segunda, de 2018 no salón de actos da facultade**

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13:07h.

**ORDE DO DÍA**

**1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (sesión ordinaria do 26-7-18)**

Apróbase por asentimento.

**2. Informe do decano**

O decano informa do seguintes asuntos:

**2.1 Matrícula nos graos da FFT para o curso 18-19**

Unha vez que están pechados todos os prazos para este curso os datos son os seguintes:

**GTI:** É a primeira vez que no se cobren as 120 prazas. Hai 111 matrículas. Segundo as combinacións as cifras son:

en-es 54 (118%)

en-gl 35 (87%)

fr-es 21 (105%)

fr-gl: caso salientable 1 matrícula (10%). Haberá que discutir máis adiante esta situación no Departamento de Tradución e Lingüística.

**GLE 57 (114%)**

**GCLEL**

Presencial 16 (40%)

Semipresencial 9 (90%)

Total 25.

Preocupa a oscilación dun curso para outro (houbo 50 matrículas o curso pasado).

Na Universidade de Vigo hai 13 titulacións que tampouco cubriron prazas. Algunhas están entre o 90-70%, pero outras están no 30%.

O problema de matrícula xa foi detectado no mes de xullo e se puxeron en marcha varias iniciativas desde ese

**Sector (B) Profesorado**

Ferreiro Vázquez, Óscar  
Yáñez Bouza, Nuria

**Sector (C) Alumnado**

Bello Davila, Cristina  
Carrillo Rodríguez, Lara  
Gamallo Valladares, Andrea

**Sector (D) PAS**

López González, María Rosa  
Otero Rey, María Belén

**Desculpas e ausencias xustificadas**

Báez Montero, Inmaculada C.  
Baltrusch, Burghard  
Baxter, Robert Neal  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> del Carmen  
Chas Aguión, Antonio  
Dasilva Fernández, Xosé Manuel  
Díaz Fouces, Óscar  
Fernández Álvarez, M. Santiago  
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel  
Mascuán Tolón, Patricia Silvia  
Montero Küpper, Silvia  
Montero Reguera, José Francisco  
Pérez Álvarez, Raúl Manuel  
Ramallo Fernández, Fernando  
Rodríguez Barcia, Susana  
Sánchez Trigo, M<sup>a</sup> Elena  
Seoane Posse, Elena C.  
Suárez Briones, Beatriz  
Sueiro Justel, Joaquín  
Valado Fernández, Liliana

**Ausencias sen xustificar**

Abalo Dieste, Laura  
Álvarez Suárez, Vera  
Alonso Alonso, Rosa  
Amosa Mendoza, Esther  
Andrés Iglesias, Jesús  
Barbosa Losada, Víctor  
Bermúdez Montes, M<sup>a</sup> Teresa  
Buceta Bugallo, Fuensanta  
Caneda Cabrera, M<sup>a</sup> Teresa  
Corvo Sánchez, M<sup>a</sup>. José  
Diz Ferreira, Jorge  
Fernández Berciano, Enya  
Fernández Pena, Yolanda  
Fernández Rodríguez, Áurea  
García Fonte, Nuria  
García González, Marta  
Garrido Rodríguez, Carlos  
Gil Vicente, Alba  
Gómez Guinovart, Fco. Xavier  
González López, Sixto  
González Maestro, Jesús  
Iglesias van der Woude, Miguel  
López Pais, Cristina

momento, nomeadamente a través das redes sociais.

Facendo una análise somera dos datos, hai que salientar que por exemplo, a feira que organiza a Universidade de Vigo para facer coñecer a oferta de estudos finalmente non se celebrou. O ano pasado si que tivo influencia. Asistimos ademais a outras tres feiras, pero os resultados foron moi frouxos.

Por outra banda hai un orzamento moi reducido para facer publicidade, 2300 €.

**2.2 Informe de calidade**

Seguimento do plan de melloras FIDES-AUDIT recibido pola universidade o 17 de xullo de 2018 e enviado á FFT en setembro. É bastante duro con esta facultade. Sinala tres desconformidades maiores, que realmente cando se len, non parecen tan importantes.

Dáse a palabra a vicedecana de calidade, Dolores González que explica que o informe chegou máis tarde do prazo previsto (ano e medio despois). Fíxose un cambio importante do sitio web da FFT, pero non resaltan a mellora, senón que insisten en que aínda falta información. Algunas suxestións con respecto á área de calidade, como a publicación na web de alguna documentación, ou a incorporación de estudiantado de master á comisión, xa están resoltas. Conseguiuse incorporar máis estudantes nas comisións, pero o informe unicamente resalta os que faltan, por exemplo, na Comisión de Calidade .

Máis relevante pode ser a falta de valoración dos datos que se enviaron. Debemos enviar no informe anual valoración das taxas de éxito, ou das enquisas de satisfacción das titulacións que reiteradamente teñen unha nota negativa, inferior a 3. Os nosos informes pasados suxiren a necesidade de modificación das memorias dos graos pero non se afonda nesa cuestión nin explicamos por que esas modificacións que suxerimos non se levan a cabo.

A vicedecana engade finalmente que varias das suxestións do informe intermedio da ACSUG pódense resolver facilmente e de feito xa están solucionadas, pero outras son máis difíciles de abordar e necesitan dunha profunda reflexión dos respectivos departamentos, responsables dos graos e xuntas de titulación

Intervén o profesor Luís Domínguez. Indica que de non conseguir a conformidade, "desacreditaría" os títulos. Pode suceder que haxa títulos moi ben valorados que non teñen

Marcos Vázquez, Juan Antonio  
Navaza Blanco, Gonzalo  
Nogueiras Justo, Francisco Manuel  
Parada Diéguez, Arturo  
Pereira Romasanta, Raquel  
Peres Rodrigues, José Henrique  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Quilis Sanz, M<sup>a</sup> José  
Rifón Sánchez, Antonio  
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo  
Santos García, Mercedes  
Soto Andión, Xosé  
Souto Rodal, Tania  
Torres Sotelo, Laura  
Vega Martínez, Lucía  
Veiga López, Daniel  
Yuste Frías, José

clientela e viceversa.

A profesora Carmen Becerra solicita que se retire a palabra "clientes".

Luís Domínguez indica que a usou en sentido irónico e a retira. Considera que se da se moita importancia a uns informes que agochan outras realidades.

O decano sinala que aínda hai cousas que melloraron substancialmente, non quedan finalmente reflectidas nestes informes que parecen centrarse exclusivamente nos aspectos negativos.

### 2.3 Fotocopiadoras

Quérese pasar ao sistema de *leasing* e cambiar as fotocopiadoras dos distintos pavillóns.

### 2.4 Edificio

Farase un cambio das fiestras. Informarase ao profesorado afectado. Os pavillóns nos que se fará a substitución será o B e C nos despachos de orientación sur na planta baixa.

### 2.5 Cafetería

O proceso de licitación segue en marcha. A actual concesionaria ten o contrato prorrogado ata o 31 de decembro de 2018. As expectativas son que no mes de xaneiro estea a cafetería e o comedor xa en funcionamento.

### 2.6 Obras na FFT

Tras a reunión co vicerreitor de desenvolvemento, este comprometeuse a manter o orzamento do ano pasado, e a facer as reformas previstas no decanato.

Fíxose ademais unha reforma para evitar o acceso das furgonetas ata o pavillón central.

Indicaron desde a Unidade Técnica que van pintar o aparcamento, tras reiteradas peticións do profesorado da FFT.

### 2.7 Programa PIUNE

Este ano temos varios estudantes con necesidades especiais.

### 2.8 Asuntos económicos

Aínda non chegaron datos para o ano que vén. Parece que pode haber unha redución do orzamento para o exercicio 2019.

## 2.9 Remate do mandato do equipo decanal.

Terá lugar o 24 de novembro. A partir desa data poñerase en marcha o proceso electoral. O decano anuncia que non se vai presentar de novo para un segundo mandato e anima a que se presenten candidaturas.

## 3. Renovación das comisións delegadas da Xunta de Facultade

Una vez rematado o prazo para presentar candidaturas as comisións delegadas de Xunta de Facultade (Permanente, Calidade, Relacións Exteriores, Extensión Universitaria, Normalización e Dinamización Lingüística, Validacións, Laboratorios Docentes e Aulas Informáticas) conséntase que para todas se presentan un número igual ou inferior de candidaturas que de membros requiridos en todos os sectores, salvo no caso do sector A da Permanente. Polo tanto só será preciso facer votación para elixir 5 persoas de entre as candidaturas presentadas.

Candelas ofrécese para cubrir a vacante na Comisión de Relacións Exteriores.

Procédese á votación secreta.  
Os resultados son os seguintes:

Alberto Álvarez Lugo 26 votos  
Jorge Luis Bueno Alonso 14 votos  
Anxo Fernández Ocampo 13 votos  
Iolanda Galanes Santos 13 votos  
Ana Luna Alonso 21 votos  
Carmen Luna Selles 18 votos  
Xoán Montero 13 votos  
José Montero 23 votos  
José Yuste Frías 3 votos

Resultan polo tanto elixidos Alberto Álvarez Lugo, José Montero Regueira, Ana Luna Alonso; Jorge Luis Bueno Alonso e Carmen Luna Selles.

## 4. Nomeamento dos tribunais dos premios extraordinarios de fin de grao.

Apróbanse por asentimento as propostas dos tribunais dos premios extraordinarios de fin de grao.

### Grao T/I

Lourdes Lorenzo García  
Ana Pereira Rodríguez  
Beatriz Rodríguez Rodríguez

## **Grao CLEL**

José Montero Reguera  
Alexandre Rodríguez Guerra  
Francisco José Ledo Lemos

## **Grao LE**

Helena Cortés Gabaudan  
Nuria Yáñez Bouza  
Rosalía Rodríguez Vázquez

### **5. Rolda aberta de intervencións**

A profesora Carmen Becerra ten unha petición : Hai determinadas aulas que son un forno ás 13 h. ¿Habería a posibilidade de por falsas persianas exteriores?

O decano responde que se van comprando pouco a pouco toldos exteriores, porque son caros. Tamén existe a posibilidade de instalar aire acondicionado, pero tamén é caro.

O profesor Ledo sinala que nas guías docentes non se admiten "Outras" nas metodoloxías de avaliación. Habería que ir pensando en categorías distintas para metodoloxías e avaliación.

O decano anima a que se presenten candidaturas para a dirección do centro resaltando que se trata dunha experiencia moi enriquecedora.

Ana Bringas pregunta cando se van colocar as persianas. O decano responde que será xa, nos despachos da planta baixa á esquerda. Hai que ir facendo isto por fases, porque leva unha parte importante do orzamento da facultade.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.20 horas.

Vigo, 23 de outubro de 2018

Visto e prace do Decano

A Secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

Susana Cruces Colado  
segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do  
*Regulamento Interno da FFT*, 67 dos  
*Estatutos da Universidade de Vigo* e 26.3 e  
27 da *Ley de Régimen Jurídico de las  
Administraciones Públicas y del  
Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.

A Secretaria da Facultade

M<sup>a</sup> Susana Cruces Colado